

BANDO MUNICIPAL

O Concello de Arzúa, comprometido cos dereitos humanos e coa defensa da paz, quere expresar publicamente a súa solidariedade co pobo palestino, que leva sufrindo 77 anos de ocupación do seu territorio e 2 anos de xenocidio a mans de Israel. Máis do 70% das persoas asasinadas son mulleres e crianzas, unha cifra que reflicte ben a brutalidade da masacre que Israel está perpetrando na Palestina.

Diante desta situación non podemos permanecer no silencio nin na indiferencia. Por este motivo, sumámonos ao chamamento solidario que hoxe desde a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) xunto con moitos Concellos galegos están a facer. Aproveitamos a ocasión para trasladar o apoio institucional do Concello de Arzúa ás mobilizacións convocadas pola **Coordinadora Galega de Solidariedade coa Palestina** e convidamos á veciñanza a participar activamente nestes actos:

- **O luns 22 de setembro** terá lugar unha **concentración en Melide**, na Praza do Convento, **ás 20 horas**, en denuncia do xenocidio e como mostra de apoio ao pobo palestino.
- **O domingo 5 de outubro**, **ás 12 horas desde a Alameda de Santiago de Compostela** está convocada unha gran **manifestación nacional** baixo o lema **“Dous anos de xenocidio, 77 anos de ocupación”**. A marcha sairá ás 12 h. do mediodía da Alameda e contará coa participación de colectivos de toda Galiza.

O Concello de Arzúa anima á veciñanza a sumarse a estas mobilizacións, nunha mostra necesaria de solidariedade, reclamación de paz e de defensa do dereito á vida do pobo palestino.

Arzúa, 19 de setembro de 2025

O Alcalde,
Xoán Xesús Carril